

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN EOI PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA EXECUTIVO EN INDUSTRIA DE DEFENSA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial,

DECLARA:

Que a Consellería de Economía e Industria formalizou coa Fundación EOI o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2026 ata o 31/12/2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Regular as condicións da colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación EOI para a realización dun programa executivo en industria de defensa

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

En 2025 impulsouse desde a Consellería de Economía e Industria a Iniciativa Estratéxica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo.

Tendo en conta as necesidades das empresas da CCAA é necesario incidir na formación para desenvolver todo o potencial para apoiar ás empresas que decidan diversificar ou continuar desenvolvendo a súa actividade económica nestes ámbitos.



Considérase fundamental a formación do capital humano das empresas na transformación ante a crecente demanda de profesionais con mentalidade transformadora.

Unha vez comprobado o interese das partes, ambas están interesadas en suscribir o convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria na data indicada na sinatura dixital.

